

A contribución ás competencias básicas dende os currículos

M^a Dolores Fernández Tilve
Grupo Stellae da USC
mdolores.fernandez.tilve@usc.es

Sumario

¿Quenes somos?

¿Por que falar de competencias básicas hoxe?

¿Para que?

¿De que estamos a falar?

Sumario

Aspectos a considerar: o caso de Primaria e Secundaria

¿Por que medios se poden desenvolver as competencias?: exemplificacións

Relacións entre as competencias básicas e as áreas curriculares

Sumario

A avaliación diagnóstica como dispositivo básico no traballo con competencias

Buscando algunhas claves para hoxe: o que deberíamos evitar, manter e (re)inventar

¿Mañá?: unha mirada ao futuro

Para saber máis

¿QUENES SOMOS?

¿QUÉNEZ ZOWOZ?

¿Por que falar de competencias?

-¿Unha encrucillada social?: cambios no eido social, tecnolóxico, económico e cultural.

-¿Esixencias lexislativas?: máximo desenvolvemento das capacidades do alumnado, transformación dos obxectivos xerais en logros concretos, mellora da calidade da educación sen exclusión,...

-¿Volver máis eficaz e eficiente o noso sistema educativo? : impacto dos últimos informes PISA.

-¿Repercusións derivadas das propostas do EEES?: clara referencia ás competencias e perfís profesionais.

-¿Mensaxes do ámbito produtivo e da sociedade do coñecemento? : requerimentos de traballo, sociais,...

-¿Trátase de esponxar o currículo escolar?

-¿Evitar un exceso de contidos fragmentados?

-¿Unha nova moda?

¿Para que?

Para que os nosos alumnos/as adquiran coñecementos orientados á aplicación dos saberes adquiridos e así teñan unha formación sólida e poidan integrarse nun entorno laboral cada vez máis dinámico e cambiante e deste xeito poidan convivir nunha sociedade democrática. ¿Un plantexamento xa promovido pola LOGSE (1990)? (aprendizaxe significativo).

Para integrar as diferentes aprendizaxes, formais e non formais, das distintas áreas do currículo.

Ao alumnado permiten...

Integrar as súas aprendizaxes


Poñer as aprendizaxes en relación con diferentes contidos

Empregar os contidos en contextos específicos e da vida cotidiana


Responder ás demandas concretas

Levar a cabo tarefas

Resolver problemas e situacións diversas de forma autónoma



Ao alumnado permiten...



Ao profesorado permiten...

Orientar o ensino

Tomar decisións no
proceso de ensino -
aprendizaxe

Identificar contidos e
criterios de
avaliación básicos

Formular obxectivos

Determinar a
orientación
metodolóxica

Valorar a importancia
dos elementos
curriculares

¿De que estamos a falar?



¿Unha palabra máxica?



Concepto talismán recomendado polos organismos europeos e nos procesos de reformas.



Nova cruzada de reconceptualización do discurso sobre as prioridades da educación para enfrontar os desafíos, volver máis eficaz o noso sistema educativo e así conseguir unha poboación activa máis cualificada e apta para a mobilidade polo mercado laboral.

¿De que estamos a falar?



O termo competencia goza dunha longa tradición e atópase contaminado por unha carga de interpretacións condutistas. Na década dos 60 introdúcese en educación como parte da avaliación obxectiva das aprendizaxes.

O enfoque de competencia fíxose popular nos Estado Unidos na década do 70 no movemento de formación profesional dos docentes baseados nas competencias. Posteriormente, e da man da formación profesional, volve a situarse na cresta da ola na década dos 90 co sistema nacional de cualificacións profesionais.

¿De que estamos a falar?



Concepto complejo, polisémico e difuso polos seus solapamentos con outros conceptos afíns (habilitade, aptitude...). A pesar de converterse nun concepto talismán non todos coinciden no seu significado, na selección das clave e como estas se incardinan nos procesos de ensinar e aprender.



“Pericia, aptitud o idoneidad para hacer algo o intervenir en un asunto determinado” (RAE, 2006).

¿De que estamos a falar?



Termo procedente do latín (*competere*), refírese a persoas aptas o adecuadas e remite ao dominio de capacidades formadas por coñecementos, habilidades e personalidade.



As competencias integran aprendizaxes de todo tipo (saber, saber facer e saber ser).



Competencia vs habilidade: a habilidade é a capacidade de ser realmente eficiente nunha tarefa, mentres que a competencia sería a potencialidade de selo dada certas condicións.

¿De que estamos a falar?



Unha competencia sería, pois, un conxunto de recursos potenciais (saber que, saber como e saber cando e por que) que posúe unha persoa para enfrontarse a problemas propios do escenario social no que se desenvolve.



Competencias básicas = zócalo desde o cal o alumno aprenderá ao longo da súa vida (aprendizaxes imprescindibles), por iso dicimos que as competencias constitúen un dos pilares básicos das programacións de aula.

Tipoloxía



Tipología



Tipoloxía

Competencia en comunicación lingüística

- Refírese á utilización da linguaxe como instrumento, tanto de comunicación oral e escrita como de aprendizaxe e de regulación de condutas e emocións (achegamento á cultura propia e outras; representación, interpretación e comprensión da realidade; construción e comunicación do coñecemento; expresión de sentimentos e opinións, ...).

Tipoloxía

Competencia en
comunicación
lingüística

- É clave para aprender a convivir, pois nela susténtase a resolución práctica de conflitos.

Tipoloxía

Competencia matemática

- Refírese a habilidade para utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar as informacións do contorno, para ter un coñecemento máis completo da realidade e para proporcionarnos estratexias de resolución de problemas aplicables a calquera situación.

Tipoloxía

Competencia matemática

- Vai facilitar ao alumnado a produción e interpretación de informacións cuantitativas e espaciais da realidade, capacitar para a resolución de problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral.

Tipoloxía

Competencia no
coñecemento e
na interacción co
mundo físico

- Refírese á habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana.
- Vai ser o eixo que facilitará ao alumnado a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e as actividades de mellora e preservación da propia vida e da do resto das especies.

Tipoloxía

Tratamento da
información e
competencia
dixital

- Fai referencia ás habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento.
- Inclúe aspectos diferentes que van desde o acceso e selección da información ata o seu uso e transmisión en distintos soportes.

Tipoloxía

Tratamento da
información e
competencia
dixital


- Vai posibilitar aos alumnos a comunicación e a transmisión de información en distintos soportes (impreso, dixital, multimedia, audiovisual,...), incluíndo a utilización das TIC como un elemento esencial.

Tipoloxía

Tratamento da
información e
competencia
dixital

- Require o dominio de linguaxes específicas básicas (textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora) e das súas pautas de descodificación e de transferencia.

Tipoloxía



The diagram consists of a blue rounded rectangle on the left containing the text 'Competencia social e cidadanía'. To its right is a large, light blue arrow pointing to the right. Inside the arrow, there is a bulleted list item.

Competencia
social e
cidadanía

- Fai posible aos alumnos vivir en sociedade, comprender a realidade social do mundo no que se vive e exercer a cidadanía democrática.

Tipoloxía

Competencia
social e
cidadanía

- Incorpora formas de comportamento individual que capacita aos alumnos para convivir nunha sociedade cada vez máis plural, relacionarse cos demais, cooperar, comprometerse e afrontar os conflitos.

Tipoloxía

Competencia
social e
cidadanía

- Capacita aos nosos alumnos para poñerse no lugar dos demais, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar valores, crenzas, culturas e a historia persoal e colectiva dos outros.

Tipoloxía

Competencia cultural e artística

- Refírese á valoración crítica das diferentes manifestacións culturais e artísticas, permitindo utilizalas como fonte de goce e enriquecemento persoal e axudando a consideralas como parte do patrimonio cultural.

Tipoloxía

Competencia
cultural e
artística

- Vai capacitar aos alumnos para apreciar e comprender distintas formas de manifestacións artísticas e culturais.

Tipoloxía

Competencia
para aprender a
aprender

- Aprender a aprender supón iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuala de maneira autónoma.
- Aprender a aprender supón poder desenvolverse entre as incertezas tratando de buscar respostas que satisfagan a lóxica do coñecemento racional.

Tipoloxía

Competencia
para aprender a
aprender

- Aprender a aprender implica admitir a diversidade de respostas posibles ante un mesmo problema e atopar a motivación para buscalas desde diversos enfoques metodolóxicos.

Tipoloxía

Competencia
para aprender a
aprender

- Vai capacitar ao alumnado para prolongar as aprendizaxes ao longo da vida e así poder desenvolverse mellor entre as incertezas, porque serán quen de buscar respostas lóxicas e diversas; para tomar conciencia das propias capacidades.

Tipoloxía

Autonomía e
iniciativa persoal

- Refírese á posibilidade de optar cun criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social e laboral.

Tipoloxía

Autonomía e
iniciativa persoal

- Supón ser capaz de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións e proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

Catro macrocompetencias (Monereo y Pozo, 2007)



Competencias relacionadas con escenarios diferentes



Decálogo de competencias (Monereo y Pozo, 2001)

1. Buscarás a información de maneira crítica.
2. Lerás sempre tratando de comprender.
3. Escribirás de maneira argumentada para convencer.
4. Automatizarás o rutinario e adicarás os teus esforzos en pensar no relevante.
5. Analizarás os problemas de forma rigorosa.
6. escoitarás con atención, tratando de comprender.
7. Falarás con claridade, convencemento e rigor.
8. Crearás empatía cos demais.
9. Cooperarás no desenvolvemento de tarefas comúns.
10. Fixaraste metas razoables que che permitan superarte día a día.


Aspectos a considerar

Forman parte do currículo establecido pola Administración educativa.



Forman parte das ensinanzas mínimas da educación obrigatoria, xuntos cos restantes elementos curriculares.

Aspectos a considerar





Aspectos a considerar

Competencias básicas= aprendizaxes básicas para desenvolver nun contexto vital.



As competencias básicas teñen como referente un contexto.



Deben traballarse desde unha perspectiva integradora ao non existir unha relación unívoca entre materias e competencias.



As competencias son multifuncionais.

Aspectos a considerar

As competencias teñen un carácter práctico.



O verdadeiro problema reside en especificar os contidos necesarios para a adquisición das competencias suxeridas.



Se non hai unha boa selección e organización dos contidos estaremos sobrecargando os mesmos, creando medidas educativas incoherentes,...



A maior dificultade do proceso reside en distinguir que aprendizaxe é básica e cal non. Xustamente aí está a encrucillada.

Aspectos a considerar

O problema da concreción das competencias é que necesariamente han de ser holísticas.



O proxecto cosmopolita como base para o logro das competencias básicas (composto por unidades curriculares integradas e interrelacionadas, non excluíntes; que integre formulación e resolución de problemas, simulacións, traballos de campo, investigacións,...)

Aspectos a considerar: o caso da Educación Primaria

As competencias a desenvolver na Educación Primaria teñen unha continuidade na ESO, isto significa que serán de inescusable abordable e imprescindibles, que constitúen o fío condutor da escolaridade obrigatoria, a base de aprendizaxe ao longo da vida, o referente para pasar de Primaria a Secundaria



Necesidade de que se implique toda a comunidade educativa no traballo das competencias básicas (Decreto 130/2007)


¿Por que medios se poden desenvolver?: exemplificacións

Na aula:
programación
de aula


Contidos das áreas
curriculares: carácter
transversal, non se da unha
relación directa ou excluinte
entre áreas e competencias

Metodoloxía: non é indiferente,
énfase no saber facer,
diversidade metodolóxica,
carácter integrador, incidencia
en aprender a aprender,
autonomía e iniciativa
persoal,...

¿Por que medios se poden desenvolver?: exemplificacións




¿Por que medios se poden desenvolver?: exemplificacións



Exemplo 1

A titoría pode ser determinante en competencias asociadas a:



Regulación das aprendizaxes

Desenvolvemento emocional

Habilidades sociais

Exemplo 2

A planificación de actividades complementarias e extraescolares pode reforzar:



Todas a competencias

Exemplo 3

O funcionamento do centro
A participación do alumnado na acción educativa
As normas de convivencia adoptadas
As metodoloxías aplicadas
Os recursos didácticos
O uso e organización da biblioteca do centro

Comunicación

Análise do
contorno físico

Creación

Convivencia e
cidadanía

Alfabetización
dixital

Relacións entre competencias e áreas: algunhas exemplificacións

O caso da competencia en comunicación lingüística

Todas as áreas



- Ler distintas versións dunha mesma noticia en diferentes xornais para formase unha opinión.
- Defender con concisión e claridade o resultado final dunha tarefa.

Especialmente: Lingua Galega e Literatura; Lingua Castelá e Literatura; Lingua estranxeira.



- Escribir un texto argumentado unha posición persoal.
- Identificar as ideas máis relevantes dun texto escrito.

Relacións entre competencias e áreas: algunhas exemplificacións

O caso da competencia matemática



CASO PRIMARIA: Matemáticas; Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultura.I

CASO SECUNDARIA: Matemáticas, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Tecnoloxía, Informática.

- Resolver problemas relacionados coa vida diaria.

Relacións entre competencias e áreas: algunhas exemplificacións

O caso da competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico



CASO PRIMARIA: Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural; Educación Física.

CASO SECUNDARIA: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia; Tecnoloxía; Educación Física.

- Amosar unha actitude favorable e responsable hacia o entorno natural.

Relacións entre competencias e áreas: algunhas exemplificacións

O caso do tratamento da información e competencia dixital



CASO PRIMARIA: todas as áreas.

CASO SECUNDARIA: todas as áreas;
Informática;Tecnoloxía.

- Organizar a información e realizar aportacións propias de maneira sintética.
- Utilizar de maneira pertinente as diferentes fontes de información para a elaboración das tarefas encomendadas.

Relacións entre competencias e áreas: algunhas exemplificacións

O caso da competencia social e cidadanía



CASO PRIMARIA: todas as áreas; Educación para a Cidadanía e os Dereitos humanos.

CASO SECUNDARIA: todas as áreas; Educación para a cidadanía, Educación Ético-Cívica.

- Traballar en equipo, compartir experiencias, comunicarse e coordinarse.

Relacións entre competencias e áreas: algunhas exemplificacións

O caso da competencia cultural e artística



CASO PRIMARIA: Educación Artística; Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural; Lingua Castelá e Literatura; Lingua Galega e Literatura.

CASO SECUNDARIA: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia; Educación Plástica e Visual; Música; Lingua Castelá e Literatura; Lingua Galega e Literatura; Cultura Clásica.

- Comprender, apreciar e respectar distintas manifestacións culturais.

Relacións entre competencias e áreas: algunhas exemplificacións

O caso da competencia para aprender a aprender



Todas áreas

- Organizar o tempo e desenvolver as tarefas encomendadas.

Relacións entre competencias e áreas: algunhas exemplificacións

O caso da autonomía e iniciativa persoal



Todas áreas

- Amosar unha actitude responsable e participativa na escola e no entorno social.
- Planificar e desenvolver autonomamente tarefas a realizar.

Avaliación cero: ¿por que?




- Pedra angular do proceso de E-A
- Radiografía do estado da cuestión
- Axuste da acción ás características dos alumnos
- Coñecemento do estado cognitivo, actitudinal,... do formando
- Referente no proceso de avaliación (película avaliativa)
- Xestión do logro das competencias básicas

Lembrar que...

- Proceso sistemático de recollida de información
- Non improvisado
- Presencia de instrumentos
- Implica xuízo de valor
- Non é un apéndice
- Algo máis que medida

¿Como?



¿Quenes?



Buscando algunhas claves para hoxe: o que deberíamos evitar, manter e (re)inventar

A. Evitar

- Sobrecargar os contidos.
- Formular listas de competencias baleiras, sen contidos específicos e contextos de acción.
- Un enfoque prescriptivo, que enuncie unha lista políticamente correcta de competencias desexables pero non describa os contidos, estratexias didácticas, dificultades posibles,...
- Adoptar medidas incoherentes si realmente traballamos para un currículo centrado en competencias (avaliación únicamente individual e exclusivamente de tipo sumativo, avaliación do alumnado en función do seu rendemento, etc..)

Buscando algunhas claves para hoxe: o que deberíamos evitar, manter e (re)inventar

B. Manter

- O desexo da interdisciplinariedade.
- A distinción entre información e coñecemento e recoñecer o papel insustituible da educación nesa transformación.
- A idea de escola como un espazo no que se viven emocións positivas, se aprende a convivir, a regular os sentimentos e condutas, a coñecer un mesmo e os demais,...

Buscando algunhas claves para hoxe: o que deberíamos evitar, manter e (re)inventar

C. (Re) inventar

- “Podar o currículo para garantir que as raíces (competencias esenciais) se establezcan solidamente.
- Uns modos de ensinar e avaliar máis auténticos, é dicir, máis próximos á realidade social.
- O uso que damos aos resultados obtidos nos informes internacionais de avaliación (Informe PISA), entendelos como motores de cambio educativo.

Buscando algunhas claves para hoxe: o que deberíamos evitar, manter e (re)inventar

C. (Re) inventar

- Os procesos de formación do profesorado (inicial e permanente) para formar profesionais da educación máis competentes ante os retos que se avenciñan.
- Aproveitar os potencialidades das TIC, creando e participando activa e colaborativamente nas comunidades de prácticos (<http://innova.usal.es>).
- Penetrar no verdadeiro sentido e significado da funcionalidade da aprendizaxe.

¿Mañá?: unha mirada ao futuro

¿O traballo por competencias significará unha oportunidade de reconversión da escola?


¿Este deseño curricular por competencias realmente propiciará a adquisición de aprendizaxes significativos?

¿Como afectará o enfoque de competencias nos procesos de E-A?

¿Esta reconceptualización acabará tecnificando, taylorizando e burocratizando o ensino?

¿enriquecerá o currículo?

¿Mañá?: unha mirada ao futuro



*¿Non estaremos ante viño novo en odres vellos?
¿O profesorado implicarase realmente nesta nova
proposta curricular?, ¿estará en condicións de asumila?*

*¿A Administración educativa dotará
das ferramentas necesarias?*

?

Para saber más

Sobre concepto de competencia

Coll, C. (2006). Lo básico en la educación básica. Reflexiones en torno a la revisión y actualización del currículo escolar. *Revista Electrónica de Investigación Educativa*, 8 (1).

Monereo, C. y Pozo, J. (Coord.) (2001). Competencias para sobrevivir en el siglo XXI. *Cuadernos de Pedagogía*, 298, 50-55.

Sobre concepto de competencia

Pérez Gómez, A. (2007). *La naturaleza de las competencias básicas y sus aplicaciones pedagógicas*. Santander: Consejería de Educación del Gobierno de Cantabria.

Sarramona, J. (2004). *Las competencias básicas en la educación obligatoria*. Barcelona: CEAC.

Para saber máis

Sobre
concepto de
competencia

Fernández Tilve, M.D. y Malvar Méndez, M.L. (2009). A programación de aula no marco da LOE. Unha ferramenta ao servizo das tarefas docentes. *Innovación educativa*, 19, 171-184.

Para saber más

Sobre
competencias
en ámbitos
diversos

Martín, E. y Coll, C. (2003). *Aprender contenidos, desarrollar capacidades. Intenciones educativas y planificación de la enseñanza.* Barcelona: Edebé.

Monereo, C. (Coord.) (2005). *Internet y competencias básicas.* Barcelona: Graó.

Sobre
competencias
para la gestión
del conocimiento

Ortoll, E. (2003). *Gestión del conocimiento y competencia informacional en el puesto de trabajo.* En <http://www.uoc.edu/dt/20343/index.html>

Para saber más

Sobre
competencias
para a boa
convivencia

Del Barrio, C. y Martín, E. (2003). Convivencia y conflicto en los centros escolares. *Infancia y aprendizaje*, 26 (1).

Sobre
competencias
para ser feliz

Seligman, M. (2003). *La auténtica felicidad*. Barcelona: Vergara.

Moitas grazas

